

A crise da Unión Europea: unha crise de crecemento?

Rosa Miguélez Ramos

O 9 de maio de 1950, a Declaración Schuman estableceu as bases do proxecto político máis importante do século XX: a reconciliación dos pobos e a instauración dunha paz duradeira no noso continente, mediante o proceso de integración europea, do que a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro foi o seu primeiro elemento fundacional.

Sete anos máis tarde, nacerían a Comunidade Económica Europea e o Tratado de Roma, cuxo cincuenta aniversario festexamos recentemente.

O balance resulta impresionante: profundización na integración a través de catro revisións do Tratado de Roma; ampliacións sucesivas de seis a nove, dez, doce, quince, vinte e cinco e, por último, vinte e sete estados membros, un espazo de paz, un mercado e unha moeda únicos, un conxunto de políticas comúns.

España, que celebrou en 2006 o vinte aniversario da súa adhesión, ten motivos para se felicitar pola mesma. E é que resulta difícil encontrar, na historia contemporánea española, un período de estabilidade política, crecemento económico e benestar social como o que vivimos desde a nosa incorporación neste proxecto común en 1986.

O noso país é hoxe moito máis europeo ca entón, cunha sociedade civil e unhas estruturas económicas á altura das dos seus socios máis prósperos da UE. En pouco máis de dúas décadas pasamos dunha renda *per cápita* inferior ao 67% da media comunitaria a unha virtual paridade, e a inflación, que se calculaba entón no 10% anual, sitúase hoxe no 3%, cunha taxa de desemprego que do 17% descendeu ata situarse por debaixo do 10%.

O avance das infraestruturas foi quizais o máis notable: os 2.117 quilómetros de autopistas e autovías que dispoñía España en 1985 convertéronse en 13.000; catro de cada dez quilómetros construídos financiáronse con fondos comunitarios, os mesmos que posibilitaron a creación de case 300.000 empregos. Grazas ao Programa ERASMUS, máis de 170.000 mozos e mozas españolas estudaron en universidades de outros estados membros.

A UE tamén aportounos cultura democrática, modernizando a nosa realidade social: a incorporación masiva das mulleres á vida laboral, extensión da educación pública superior, cobertura sanitaria universal, implantación de sistemas fiscais progresivos e leis para a igualdade entre homes e mulleres.

Pero a adhesión de España tamén enriqueceu a Europa: a política de cohesión, de solidariedade entre rexións e estados, no seu día unha contribución do noso país, converteuse no puntal en que se apoia o modelo europeo de desenvolvemento e

a idea dunha cidadanía europea, concepto cuxa paternidade atribúese, con razón, a Felipe González, foi ampliándose ata ocupar un lugar preferente no novo tratado constitucional, que os españois, a diferenza doutros, si aprobamos.

España contribuíu ademais con entusiasmo ao proceso de consolidación de logros comúns, entre os que se atopan o mercado único, o euro e a unión económica e monetaria, a creación dun espazo europeo de seguridade e xustiza ou a acción exterior, que se foi ampliando, grazas á nosa influencia, a rexións como o Mediterráneo ou América Latina.

Pero a UE atópase agora nun momento delicado. Despois do gran esforzo que supuxo a redacción dun novo Tratado constitucional, os “non” francés e holandes ao mesmo e a decisión dalgúns estados membros de suspender os seus respectivos procesos de ratificación, abriron unha crise profunda na integración europea, obrigando ás institucións a abrir un “período de reflexión” que agora toca ao seu fin.

Algunhas razóns explicarían esta crise. Poderíase atribuír, en parte, ao proceso de crecemento da Unión en si mesmo, que a levou a pasar, en vinte anos, de doce membros a vinte e sete e de 380 millóns de habitantes en 2003 a 450 en 2005, grazas ás últimas ampliacións, que incrementaron o grao de diverxencia existente entre os estados membros (*o problema da homoxeneidade*), superado ata agora grazas ás reformas que a dotaron de novos poderes ou competencias.

Así mesmo, o incremento do número de socios formulou un risco para o eficaz funcionamento das estruturas e institucións (*o problema da eficacia*), que tamén se trataron de resolver a golpe de cambios nos tratados. Pero as grandes diferenzas políticas, económicas e culturais entre os vinte e sete membros actuais, que deixaron incluso dúbidas sobre a preparación da Unión para ese proxecto, necesitarían, para podelas satisfacer, dunha ‘profundización’ no proceso de integración, imposible de realizar sen un proxecto constitucional á altura das novas circunstancias.

Na orixe da crise encontraríase a incapacidade da UE para facer fronte ás novas preocupacións dos cidadáns, que solicitan, cada vez con máis frecuencia, a intervención comunitaria en ámbitos que forman parte do concepto de soberanía estatal, como a política exterior, a defensa, a seguridade ou a fiscalidade.

Ao descoñecemento do funcionamento do sistema institucional europeo, tan diferente do dun estado, e que hoxe por hoxe non lle permite, engádese o feito de que, ao mesmo tempo, os cidadáns poden escoitar como os parlamentos nacionais, ou as administracións rexionais e locais, afirman, para xustificar determinadas decisións, estar supeditados ás adoptadas en “Bruxelas”, que actúa así de cabeza de turco: velaí as acusacións de déficit democrático ao falar da Unión, comprensibles politicamente pero infundadas xuridicamente.

O resultado é, con todo, alarmante: as enquisas do Eurobarómetro indican que o respaldo á pertenza á Unión Europea, máis ou menos en alza desde 1973 ata un pico do 70% en 1990, está retrocedendo desde esa data, situándose hoxe en día no 50%. Este afastamento progresivo, entre os cidadáns e as institucións europeas, non é un bo dato: un proxecto europeo percibido como elitista non tería porvir, por moito

que haxa aínda quen pense que a Unión só podería seguir avanzando se é impulsada pola elite política europea.

Esa labor de impulso, necesaria e imprescindible, de nada servirá se non conta co apoio das opinións públicas dos estados membros, como nos demostrou o ata agora fracasado proceso de ratificación do Tratado constitucional.

Aínda que o sentimento de afastamento podería ser tamén representativo dunha crise máis ampla sobre a lexitimidade das institucións políticas en xeral: o nivel de confianza que os cidadáns outorgan á Comisión Europea é débil (46%), pero aínda o é máis o que outorgan aos seus respectivos gobernos nacionais (31%).

Hai quen din que a crise é ante todo unha crise de significado. Actualmente nin os líderes políticos, nin tampouco os cidadáns son os de hai 50 anos, e a razón de ser e o destino político da UE parécelles como algo moi borroso. Os europeos, desconcertados polos novos desafíos económicos e sociais, e inquedaos ante os fenómenos migratorios ou o deterioro do medio ambiente, non perciben con claridade que é o que lles aporta a Unión Europea en termos de seguridade ou de prosperidade.

Esta crise, que poderíamos denominar “de obxectivos”, só se podería resolver a través dun novo proxecto de relanzamento mobilizador, visionario e atrevido.

O certo é que, cos actuais tratados, carentes de procedementos adecuados e de bases legais, a UE está atada de pes e mans, e non podería, aínda que quixese, ocuparse de asuntos como o cambio climático, a seguridade enerxética e alimentaria, a seguridade interior e exterior, ou a política exterior e de defensa.

A chanceler alemá Ánxela Merkel incidía nesta contradición ao afirmar recentemente, no Parlamento Europeo, que “non lles podemos dicir aos cidadáns que non vai haber ampliación, que a enerxía non é unha das principais políticas europeas e que non somos capaces de traballar sobre unha base maioritaria en canto á seguridade interior. Se dicimos algo así na campaña de 2009 aumentaría a distancia entre os cidadáns e as institucións europeas”.

Por iso é tan importante chegar a un acordo acerca do texto constitucional, e por iso, ás decisións sobre este asunto anunciadas polas tres institucións: Consello, Comisión e Parlamento Europeo, vaise sumar a convocatoria, nos próximos meses, dunha Conferencia Intergubernamental, cunha base de traballo que será o Tratado de 2004, e que deberá presentar as súas conclusións antes de maio de 2009, data en que se celebrarán as próximas eleccións ao Parlamento Europeo.

A este respecto, atópase nestes momentos, no Parlamento Europeo, en fase de elaboración, unha proposta de resolución, da que son poñentes Enrique Barón (socialista español) e Elmar Brok (conservador alemán), en que o Parlamento pide ao Consello Europeo de xuño de 2007 que tome as medidas necesarias para convocar esta conferencia o antes posible, cun claro mandato para alcanzar un compromiso, para finais do presente ano, que teña en conta a posición de todos os estados membros manifestada no contexto do proceso de ratificación do Tratado constitucional, e en particular durante o período de reflexión.

Alemaña, que desde antes do inicio da súa Presidencia semestral, en xaneiro de 2007, marcou como obxectivo rescatar o proceso constituínte, ten todo o apoio do Parlamento Europeo para obter do Consello en xuño de 2007, a definición dunha folla de ruta que conteña un procedemento, un mandato definido e unha data límite para levar a cabo a resolución do actual proceso constitucional, baseada no contido do Tratado, aínda que quizás cunha presentación diferente.

Pero Alemaña non está soa. A acompañan neste empeño, ademais do Parlamento Europeo, os denominados “países amigos do Tratado Constitucional”, en total 18 estados membros, incluídos España e Luxemburgo, os dous únicos que o ratificaron mediante referendo, convencidos de que nel está a mellor resposta aos retos presentes e futuros da Unión.

Berlín, que foi o emblema dunha Europa dividida, o é agora dunha Europa unida. A Declaración solemne, adoptada nesa cidade con ocasión do 50 aniversario do Tratado de Roma, quere ser o principio dunha nova era, en que a Unión ensine e axude aos cidadáns ante os novos retos globais, e na que os cidadáns, que deben á UE o momento de prosperidade e oportunidades do que gozan, teñan a última palabra.

A vontade de pacificar o continente, que inspirou aos pais fundadores, xa non basta para dar sentido ao proxecto de integración europea. Aínda que sexa sendo fráxil e haxa que continuar preservándoa (os Balcáns occidentais son a proba máis evidente), o segundo gran obxectivo da integración debe ser a defensa dun modelo de desenvolvemento duradeiro e solidario nun mundo globalizado.

O noso modelo social marca a diferenza con outras sociedades. Pero a mundialización, o baixo índice de natalidade, a elevada, aínda que necesaria para o crecemento, inmigración, están nestes momentos poñendo en risco a cohesión social e territorial europea. Para mantelo necesitamos por conseguinte actualizalo, acordando un proxecto útil tanto para a competencia como para a cohesión, que nos permita enfrontarnos á globalización sen ter que renunciar a el.

Se a Europa da integración fracasa, e terminamos cunha Europa a dúas velocidades, non fracasaría só un Tratado constitucional, senón tamén a idea que sostivo a Europa nos últimos 50 anos.

Para terminar, permítanseme algunhas reflexións sobre dous suxeitos que me preocupan, o primeiro deles a implicación dos cidadáns na toma de decisións a nivel comunitario, vital para o relanzamento do proxecto europeo. No espazo público europeo, as prácticas democráticas non se exercen ou se exercen de maneira restrinxida, e Europa paga este fracaso cunha perda de credibilidade e de afecto por parte da opinión pública.

O inicio do século XXI debe marcar un cambio de tendencia cara unha maior democratización. Os responsables políticos nacionais teñen que asumir as súas propias responsabilidades, explicando mellor aos cidadáns as decisións que toman en Bruxelas. É preciso abrir os debates, implicar activamente aos parlamentos nacionais e rexionais na participación, e reflexionar acerca das posibles fórmulas

para asociar ao cidadán ás deliberacións, proseguindo así a construción dun verdadeiro espazo público europeo.

A Convención Europea representou, neste terreo, un avance significativo e un modelo a seguir. Tentou, e o conseguiu, poñer límites ao “monopolio” exercido polos gobernos dos estados membros á hora de acordar posibles reformas dos tratados constitutivos da Unión. A presenza, no seu seo, de representantes dos gobernos dos estados membros, das institucións comunitarias e dos parlamentos nacionais, moitos deles sen instrucións nin mandato de ningún tipo, representou un marco singular e novo á hora de debater sobre o futuro de Europa.

O método de traballo elixido, en sesións abertas e públicas, permitiu, ao mesmo tempo, a implicación dos sectores da sociedade civil máis interesados polos asuntos europeos.

O segundo dos elementos sería a necesidade de que a UE do século XXI dispoña dun orzamento suficiente. Non podemos, indefinidamente, acomodarnos a este teito orzamentario do 1,27% do produto interior bruto dos estados membros sen renunciar aos nosos obxectivos. Faise, por tanto, necesario establecer un novo recurso propio, baseado nun imposto europeo que permita expresar a solidariedade europea alén dos cálculos que actualmente realiza cada estado, en termos de “retorno” da súa propia contribución.

Aínda que neste momento o interese comunitario pareza focalizado na unión económica, a finalidade da integración é a creación dunha comunidade política, máis alá do mercado e dos intercambios económicos. Nesta nova era Europa ten, máis ca nunca, un papel que xogar no mundo, e para isto necesita dotarse de medios e obxectivos á altura das súas ambicións.

Pero a nova fase da integración europea non se poderá abordar sen volver a ilusionar aos homes e mulleres de Europa. Parafraseando o documento *Reflexiones sobre el futuro de Europa*, remitido polo goberno de José Luís Rodríguez Zapatero ao Congreso dos Deputados, “a Europa futura será a Europa dos cidadáns ou non será. É a nosa aposta e o noso desafío”.

Rosa Miguélez Ramos é deputada do Parlamento Europeo e vicepresidenta da Comisión de Pesca.